

Pisando charcos é o título da nova mostra que presenta o CGAC, un proxecto comisariado por Susana Cendán que permite repasar o labor artístico de case tres décadas da pintora Almudena Fernández Fariña (Vigo, 1970), unha artista de sólidos alicerces teóricos e conceptuais que afronta o labor pictórico partindo dunha perspectiva que o entende como un construír desde claves lingüísticas e signícas, co pensamento de Roland Barthes frecuentemente presente. A obra da artista viguesa posúe, alén diso, esa heteroxeneidade que trascende a pintura como técnica, e que é utilizada pola pintora para pescudar sobre a relación entre os límites da propia obra e a contorna. Este punto de partida é o que a leva a facer uso da fotografía, ensamblaxes, objet trouvé, cerámica ou libros de artista.

O seu achegamento á práctica artística é feito cunha actitude que parte dun ollar dirixido sobre os camiños abertos que a pintura posibilita nos diferentes soportes en que hoxe se manifesta a creación artística, como se pode observar na serie de intervencións realizadas en diferentes espazos expositivos entre 2002 e 2016 ou no trasvase do pictórico ao tridimensional en numerosas obras.

Para desenvolver unha creación persoal, a artista parte do embeleñado tecido de liñas que converxen no nosa contemporaneidade, e nas súas propostas, dun presente rigoroso que se insire tamén na tradición do medio pictórico, permite que poidamos ler as súas obras como froito dunha vizosa tradición cando pintoras e pintores utilizaban un instrumento xa formado cuxos mecanismos eran transmitidos intactos, sen ningunha obsesión de novidade, e a forma non era obxecto dunha propiedade. De por parte, a obra de Almudena Fernández Fariña permite que nos reafirmemos na percepción de que a pintura é, no profundo, un problema de consciencia e sen ela a obra perde calquera valor e capacidade de comunicación.

O traballo da artista combina un estruturado rigor conceptual teórico cun pulo vital que traspasa o que en principio podería ser unha evanescente referencia icónica, mais que coa intensidade da súa pulsión acaba por conformar unha realidade pictórica moi máis complexa e suxestiva. A súa obra parte dunha actitude que é todo un programa e que ten como norte a defensa do proceso de investigación, da súa vontade reflexiva e da súa capacidade de comunicación e de emoción, case poderíamos dicir, do seu valor tera-



A pintura como escrita

Almudena Fernández Fariña
no MARCO

CARLOS L. BERNÁRDEZ


péutico contra a banalidade.

A pintura de Almudena Fernández Fariña configúrase como un camiño que vai do signíco ao alusivo -eses silencios recorrentemente presentes-, nun espazo en que o peso do signo, da escrita, está completamente inserido de xeito argumental na pintura. O elemento lingüístico funciona como vector que nos transporta mentalmente, de xeito que semella que a pintora quere dirixir a nosa mente cara a un vieiro que a pintura reafirma mais non determina de xeito ríxido, como se pode

percibir na súas series baseadas en tramas e en tecidos; en realidade o que fai é favorecer e estimular unha serie de posibilidades de lectura, abertas pero balizadas pola contundencia da relación entre signo e pintura. A potencialidade metafórica das formas elementais de partida, pois, presentan e axudan a configurar un mundo evidentemente reflexivo, que ten como fondo unha concepción plástica baseada en ritmos sutís ou en elementos modulares.

Título: *Pisando charcos*.

Artista: *Almudena Fernández Fariña*. Comisariado: *Susana Cendán*. Local: *CAGC, Santiago de Compostela*. Até o 10 de setembro.



Arriba:
Punto de cangrejo (2002).
Na imaxe pequena:
El silencio es lenguaje (1994).

FOTOS:
C. L. B.

O camiño seguido pola artista fai resaltar a estreita ligazón entre o textual e o visual, dominando unha vontade de fusión das artes, de interacción. Nestas obras ten cabida o xogo de palabras, a trasvase do pictórico cara a outros soportes ou mesmo un achegamento á problemática socio-cultural desde a pers-

sente a necesidade de participar no decurso -e no discurso- colectivos desde unha posición que combina o reflexivo e o puramente pictórico -incluso no seu carácter ornamental- que reivindica o sentido da pintura mesmo no situado nas marxes, nas disciplinas e materiais menos valorados, mais sen ningunha forzada retórica.

Por outra banda, é moi evidente a aposta pola pintura, sen querer en ningún intre renunciar á tradición

Entre o textual e o visual

pectiva de xénero. De todos os xeitos, Almudena Fernández Fariña non quere na súa obra - e iso é perceptíbel en todos os exemplos da traxectoria que presenta no CGAC- dirixir a súa pintura cara a respostas definitivas no ideolóxico nin no político, mais si mostra unha vontade de facer evidente a problemática ética desde a perspectiva da propia identidade, en definitiva

que na arte occidental se foi elaborando ao longo dos séculos, aspecto este que se sente enxergando as súas obras, nas cales hai unha vontade de ligazón co pasado artístico en xeral, manifesto nos recursos formais, mais tamén nas sutís pero evidentes alusión á práctica da pintura, permanente fonte para a reflexión e para o diálogo elucidativo sobre o sentido estético, que é no fondo o sentido da vida, un factor que segue en definitiva a dotar de valor actuante calquera actividade creativa ou reflexiva.